

**PREGO DE CONDICIÓNS DA POXA Á ALZA PARA A
VENDA DE BENS INMOBLES TITULARIDADE DA
ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALICIA, SITUADOS NOS
CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A
BAÑA E TOURO**

I.- OBXECTO.

Constitúe o obxecto deste prego a regulación das condicións que rexerán a poxa á alza para a venda de diversos bens inmobles situados nos concellos de Santiago de Compostela, A Baña e Touro.

Os inmobles véndense como corpo certo, en consideración aos seus lindeiros e non por unidade de medida, e no seu estado actual de conservación, que se poderá comprobar mediante a súa visita, polo que unha vez adxudicados os bens non se admitirán reclamacións sobre o seu estado ou erros na súa descrición.

II.- RÉXIME XURÍDICO.

A poxa, así como o contrato de compravenda que se celebre en virtude desta, rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, polo presente prego. En todo o non previsto nos mesmos estarase ao disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 50/1989, do 9 de marzo polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei de patrimonio. Supletoriamente, pola Lei 33/2003, do 3 de novembro de patrimonio das administracións públicas e polo seu Regulamento, aprobado por Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto. No seu defecto aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo.

No que atinxe aos seus efectos e extinción, ademais do establecido no contrato, regularase polo disposto na normativa patrimonial (Lei e Regulamento de patrimonio de Galicia) e polas normas de dereito privado.

III.- PUBLICIDADE.

A poxa anunciarase no *Diario Oficial de Galicia* e nun periódico de máxima circulación indicando o día, hora e lugar da súa celebración. Os pregos polos que se rexe a presente poxa figurarán na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública:

<http://www.conselliadefacenda.es/a-conselleria/transparencia/contratacion-patrimonial/poxas/vendas>,

dende o momento en que o anuncio de licitación se publique no *Diario Oficial de Galicia*.

IV.- INMOBLES OBXECTO DA POXA E TIPO DE LICITACIÓN.

Primeira, segunda e terceira poxa:

1.- Parcela de aproximadamente 230 m², sita no lugar dos Torreis de Abaixo, polígono 513, parcela 2013, Agra de Abaixo, no concello de Touro (A Coruña).

- Lindes: estrema o conxunto: norte, finca a nome de herdeiros de Seixo Barral; sur, estrada de Ponte Ulla a Touro; leste, herdeiros de Seixo Barral; oeste, herdeiros de Seixo Barral.
- Inscrita, a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, no Rexistro da Propiedade de Arzúa como finca núm. 23.102 de Touro, ao folio 110 do Libro 123, Tomo 856.
- Referencia catastral: 15086B513020130000QB.

Acordo de alleamento: Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 29 de novembro de 2021.

Tipo de licitación, primeira poxa: 2.892,74 €
Tipo de licitación, segunda poxa: 2.458,83 €
Tipo de licitación, terceira poxa: 2.024,92 €

Tramo de poxa: 100,00 €

Gastos do anuncio: : 119,43 €

2.- Terreo cunha superficie de 358 m², en orixe caseta de legoeiros, situada xunto á estrada autonómica actualmente identificada como AC-240 de Ponte Ulla a Touro, ao seu paso polo lugar de Quintas, parroquia de Prevediños, no Concello de Touro (A Coruña).

- Lindeiros: norte, don Carlos Blanco Blanco; sur e oeste, dona Filomena Vilas García; e leste, estrada autonómica AC-240.
- Inscrita no Rexistro da Propiedade de Arzua ao tomo 873, libro 128, folio 160, predio 24103.
- Referencia catastral: 15086C504020020000KL.

Acordo de alleamento: Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 4 de maio de 2022.

Tipo de licitación, primeira poxa: 7.167,80 €
Tipo de licitación, segunda poxa: 6.092,63 €
Tipo de licitación, terceira poxa: 5.017,46 €

Tramo de poxa: 100 €

Gastos do anuncio: : 307,10 €

3.- Labradío de 13 áreas e 93 centiáreas, ó sitio de "Agro dos Cruceiros", concello da Baña, nº 380 do plano xeral de concentración parcelaria de San Miguel de Cabanas.

- Linda: Norte, con Carmen Turnes Román e Francisco Pena Suárez e outros; Sur, con Manuela Santos Calvo; Leste, con camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria; oeste, con Severino Pérez.
- Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira como finca nº 17.437 ao tomo 867, libro 157, folio 105.
- Referencia catastral: 4588908NH2548N0001RO.

Acordo de alleamento: Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 9 de maio de 2022

Tipo de licitación, primeira poxa: 18.805,50 €

Tipo de licitación, segunda poxa: 15.984,68 €

Tipo de licitación, terceira poxa: 13.163,85 €

Tramo de poxa: 100 €

Gastos do anuncio: : 784,81 €

Cuarta poxa:

1.- Parcela número 187, denominada Lagos, sita no lugar de San Xoan de Fecha, no municipio de Santiago de Compostela, cunha superficie aproximada de 13.934 m².

- Lindes: Segundo o rexistro da propiedade linda, ao norte, cunha zona excluída e un camiño público; ao sur, con María Josefa Iglesias Pérez; ao leste, cunha zona excluída, e ao oeste, cun camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.
- Inscrita a nome da Comunidade Autónoma de Galicia no Rexistro da Propiedade nº 2 de Santiago de Compostela como finca 22.930, tomo: 1.202, libro: 244,
- folio: 184.
- Referencia catastral 15079C503001870000WK.
- Prezo límite: 5.016,24 €

Acordo de alleamento 4ª poxa: Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 13/05/2022

Tramo de poxa: 100 €

Custo do anuncio: 204,73 €

2.- Parcela nº 254 "Chan dos Montes", situada en San Xoán de Fecha (Santiago de

Compostela), cunha superficie aproximada de 19.610 m².

- Lindes: Segundo o Rexistro da Propiedade linda, norte, camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria; sur, Luis García Miramontes e outros; leste, zona excluída; oeste, con Josefa Bastón García e outro.
- Inscrita a nome da Comunidade Autónoma de Galicia no Rexistro da Propiedade nº 2 de Santiago de Compostela como predio nº 22.936, tomo 1.202, libro 244 e folio 187.
- Referencia catastral: 15079D503002540000LD.
- Prezo límete: 7.060,00 €.

Acordo de alleamento 4ª poxa: Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 13/05/2022

Tramo de poxa: 100 €

Custo do anuncio: : 290,04 €

As cualificacións urbanísticas dos inmobles teñen simples efectos informativos, sen prexuízo da certificación oficial que emitan os concellos, conforme ao disposto no artigo 87 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

V - REQUISITOS DO LICITADOR.

A.- CAPACIDADE

Poderán tomar parte na poxa tódalas persoas, físicas e xurídicas, que teñan capacidade para contratar e, en particular, para celebrar o contrato de compravenda segundo as normas contidas no Código Civil.

Non poderán ser adquirentes as persoas que solicitasen ou estean declaradas en concurso, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, así como as que incorresen nos supostos previstos na normativa sobre incompatibilidades.

O adxudicatario comprométese a ter estas condicións como parte integrante da venda e escritura que, como consecuencia, terá que formalizarse no seu día.

B.- GARANTÍA

Para tomar parte na poxa é requisito indispensable consignar como mínimo o 20% da cantidade sinalada como tipo de licitación.

Na participación presencial a garantía deberá presentarse en metálico ou cheque bancario a favor da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio (NIF S1511001H) o día da poxa, non momento que indique a mesa. Noutro caso, tal cantidade deberá estar consignada na Caixa Xeral de Depósitos da Tesourería Xeral da Xunta de Galicia, a favor da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, con anterioridade ao acto de poxa, aportando aos membros da mesa o resgardo xustificativo do ingreso.

De presentar oferta por escrito, a garantía debe cubrirse mediante ingreso na Caixa Xeral de Depósitos da Tesourería Xeral da Xunta de Galicia a favor da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, realizando unha transferencia á conta desta Administración na entidade ABANCA ES82 2080 0300 87 3110063172, achegando o mesmo día de tal ingreso unha copia do resgardo de transferencia ao correo electrónico ax.patrimonial.facenda@xunta.gal para a realización das xestións internas ante o tesouro (concepto: 20% venda inmovible Caixa Depósitos), acompañado do nome apelidos e número de DNI da persoa que realiza o ingreso que terá a condición de garante. De ser distinta a persoa que realiza o ingreso da persoa garantida, tamén deberá identificarse o nome, apelidos e número de DNI de esta.

Deberá constituírse unha garantía específica por cada lote no que se queira participar.

Aínda que a oferta se realice conxuntamente por dúas ou máis persoas, físicas ou xurídicas, deberá constituírse unha única garantía, a cal responderá de todas as obrigas asumidas polos que realicen a oferta.

Será incautada a garantía daqueles licitadores que retiren inxustificadamente a súa oferta antes da adxudicación, así como a do adxudicatario que non abone a cantidade pendente de pago ou non concorra ao acto da firma da correspondente escritura pública.

VI.- PROCEDEMENTO.

A.- TIPO DE POXA.

O procedemento para a adxudicación do único lote será o de poxa pública á alza, coa posibilidade de presentación de ofertas en sobre pechado. De existir varios lotes, poxaranse de forma individualizada, podéndose optar a cada un deles.

Para participar na poxa poderase acudir en persoa ao lugar e no día e hora anunciado, coa documentación sinalada na cláusula VI.b.3 (sobre A) ou ben, presentar posturas en sobre pechado sen necesidade de acudir ao acto de poxa.

As persoas que presenten posturas en sobre pechado poderán realizar tantas ofertas como lotes nos que estean interesados, se ben só poderán presentar unha oferta por lote. Poderán igualmente, de consideralo oportuno, participar na poxa presencial sempre e cando aportaran correctamente a documentación requirida no sobre A ou, de ser o caso, a aporten á mesa no momento da licitación. En todo caso, a oferta o día da poxa non poderá ser inferior á cantidade ofertada en sobre pechado.

Se a primeira poxa quedara deserta, nos casos en que proceda, o lote poderá ofertarse sucesivamente en SEGUNDA e TERCEIRA POXA, o mesmo día ou en datas separadas, anunciándose esta circunstancia no DOG, cunha rebaixa no tipo de taxación dun 15% en cada unha delas.

B.- LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS POR ESCRITO.

B1.- Lugar

A documentación deberá presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia situado no edificio administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e dirixida á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (edificio administrativo San Caetano, Bloque 3, 15781, Santiago de Compostela). No suposto de que se presenten as ofertas en lugares diferentes do rexistro xeral, deberá remitirse o mesmo día da presentación á Subdirección Xeral do Patrimonio, un correo electrónico á dirección ax.patrimonial.facenda@xunta.gal, indicando a presentación da oferta e o lugar da súa presentación. No caso de non recibir o

mesmo non serán admitidas as ofertas presentadas. As proposicións que se reciban unha vez transcorridos cinco días naturais a contar dende da data de remate de presentación de ofertas non serán admitidas en ningún caso.

B2.- Prazo

A data límite para a presentación das ofertas en sobre pechado será de vinte (20) días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio no Diario oficial de Galicia.

B3.- Forma de presentación

A documentación que teñen que presentar os interesados deberá figurar nun único sobre pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente. No anverso do mesmo deberá indicarse o texto seguinte: "Consellería de Facenda e Administración Pública expediente VND/2022/0018 – Santiago de Compostela / A Baña / Touro". A este sobre adxuntarase unha folla identificada no presente prego como ANEXO I co nome, apelidos ou razón social do ofertante e os demais datos que alí se establecen. Para o caso de que se celebre unha segunda ou unha terceira poxa e o licitador queira participar nela deberá indicarse neste Anexo I que deberá recoller o selo do Rexistro de presentación.

A presentación da oferta implicará o coñecemento e a aceptación incondicional polo licitador de todas as condicións deste prego e dos seus respectivos anexos.

O sobre que presente o licitador deberá conter no seu interior dous sobres: o SOBRE A, no que figure a documentación administrativa, e o SOBRE B, que deberá conter a oferta económica.

SOBRE A. - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

O SOBRE A deberá presentarse pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente identificándose como sobre A. Este sobre deberá conter a seguinte documentación:

- 1.- A declaración responsable prevista como Anexo II.
- 2.- Documentación acreditativa da súa personalidade xurídica e capacidade de obrar, orixinal ou compulsada ou autenticada por un funcionario da Xunta de Galicia, nos seguintes termos:

2.1- Se se trata dunha persoa física ou dun empresario individual, documento nacional de identidade e o código de identificación fiscal ou documento equivalente (agás que se autorice á obtención do documento no Anexo II).

2.2- Se se trata dunha persoa xurídica, escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no rexistro público correspondente, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial, así como o código de identificación fiscal ou documento equivalente.

2.3. No suposto de que o licitador actúe mediante representación, así como no caso de que a oferta sexa realizada por dúas ou máis persoas, documento acreditativo de quen asume a representación nos termos do artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a cal deberá figurar inscrita no Rexistro Mercantil, para o caso de que o licitador sexa unha persoa xurídica.

2.4- Se se trata dunha persoa física ou xurídica non española dun Estado pertencente á Comunidade Europea deberá presentar, traducida de forma oficial ao castelán ou ao galego, a seguinte documentación:

2.4.1- Documento de identidade persoal, expedido polas autoridades do seu país, para o caso de que o licitador fose unha persoa física. Se se tratase dunha persoa xurídica, os seus documentos constitutivos, inscritos nun rexistro profesional ou comercial, cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo.

2.4.2- Poder bastante, para o caso de que o licitador non actúe en nome propio ou se trate de persoa xurídica.

2.5- Os licitadores estranxeiros de Estados non membros da Comunidade Europea, ademais da documentación esixida no apartado anterior, deberán presentar un certificado expedido pola embaixada ou consulado de España no Estado correspondente, no que se certifique que o licitador ten capacidade de obrar.

3.- Resgardo da transferencia acreditativo de ter constituído a correspondente garantía para participar na poxa. Para o caso de que a oferta se refira a varios lotes, deberán achegarse tantos documentos acreditativos como lotes sobre as que se realiza a oferta.

Se un mesmo licitador presenta varias ofertas por distintos lotes nos procedementos nos que non exista lote único, xa sexa nun mesmo sobre ou en sobres separados, abondará que presente unha soa vez a documentación administrativa, con excepción dos documentos xustificativos de ter constituídas as correspondentes garantías.

SOBRE B.- PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

O SOBRE B deberá presentarse pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente identificándose como sobre B e conterá a proposta económica mediante a aportación do Anexo III.

Este sobre deberá conter a oferta económica, expresada en cifras e en letra. No caso de existir discordancia entre a cantidade ofertada en cifras e a cantidade expresada en letra, prevalecerá a cantidade expresada en letra.

C.- MESA.

A mesa de licitación estará presidida polo secretario xeral técnico e do Patrimonio, ou funcionario no que delegue, coa asistencia dun letrado/a da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, un representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, e outro/a funcionario/a da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, que actuará como secretario/a.

D.- APERTURA DO SOBRE A

Con carácter previo ao día fixado no anuncio para a celebración da poxa reunirse a mesa de contratación en acto privado de existir ofertas en sobre pechado, para a cualificación previa dos documentos presentados en tempo e forma. Se se apreciase a existencia de erros emendables na documentación presentada, comunicarse ao/ aos licitador/es, para os efectos de que poidan emendalos no prazo máximo de tres días hábiles. Transcorrido o citado prazo, a Mesa determinará os licitadores admitidos na poxa, e fará público o devandito acordo na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública.

E.- LUGAR, DÍA E HORA DE CELEBRACIÓN DA POXA.

A poxa celebrarase no salón nº 2 do Edificio Administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela, o día 21 de xullo de 2022 ás 11:00 horas.

F.- DESENVOLVEMENTO DA POXA.

O día e hora sinalados o presidente da mesa declarará aberta a poxa, comunicándollo así ao público e informando, de ser o caso, da existencia de posturas por escrito.

Durante o prazo que prudencialmente fixe, comprobará a capacidade e personalidade dos participantes in situ e recibiranse os resgardos dos depósitos previamente constituídos para a licitación e as consignacións que nese tempo se fagan. Comezada a licitación non se recibirá ningún resguardo nin se admitirá ningunha consignación.

O presidente da mesa iniciará a licitación, de ser o caso, advertindo da existencia de poxas en sobre pechado, procedendo á apertura dos sobres B e anunciando as ofertas recibidas. Inadmitiranse aquelas que non alcancen como mínimo o tipo de licitación ou cando non se presente correctamente o Anexo III.

Unha vez abertos todos os sobres, iniciarase a poxa presencial tomando como tipo de licitación a oferta económica máis alta das presentadas por escrito. De non existir o tipo de licitación será o anunciado no Diario oficial de Galicia.

A continuación, irá admitindo as posturas en voz alta que gradualmente vaian mellorando á alza o tipo ata que se deixe de facer proposicións, momento no cal declarará mellor rematante ao licitador que teña a oferta máis elevada. De non existir posturas a viva voz declararase mellor rematante ao licitador que presentara a oferta máis alta por escrito. En caso de empate será proposta a oferta recibida en primeiro lugar no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en San Caetano.

De realizarse as tres poxas o mesmo día, de conformidade coa cláusula VI.a, no caso de que existan posturas na primeira poxa e existan ofertas por escrito para participar na segunda ou na terceira poxa, descartaranse estas e non se procederá a apertura dos sobres B. De igual forma, de existir posturas na segunda poxa, descartaranse a ofertas recibidas por escrito para a participación na terceira poxa.

O licitador dispoñerá de plena liberdade para poxar pola cantidade que considere conveniente, sempre que supoña un incremento mínimo equivalente ao tramo de poxa, respecto á oferta máis alta realizada.

Do desenvolvemento do procedemento e de tódalas incidencias producidas estenderase a correspondente acta, que será asinada polos membros da Mesa e polo mellor ofertante de non ter presentado previamente oferta por escrito.

G.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA

Rematada a poxa devolveranse as consignacións e os resgardos dos depósitos para licitar aos interesados non adxudicatarios. Para a devolución das cantidades ingresadas na Tesourería será preciso aportación de certificado bancario identificativo do titular e número de conta onde se pretende que se realice a devolución.

H.- ADXUDICACIÓN.

A orde de aprobación da adxudicación adoptarase pola secretaria xeral técnica e do Patrimonio por delegación do Conselleiro de Facenda e Administración Pública, publicarase no Diario oficial de Galicia, na páxina web da Consellería de Facenda e notificarase persoalmente ao adxudicatario, advertíndolle ao mesmo tempo de que no prazo de 15 días a partir da notificación deberán realizar o pagamento do prezo total de alleamento, prevíndoo de que de non o facer decaerá o seu dereito con perda da cantidade consignada ou depositada, sen prexuízo do resarcimento á Administración dos posibles quebrantamentos que se lle derivasen da ineficacia da adxudicación.

I.- SUSPENSIÓN DA POXA.

De conformidade co disposto no artigo 66.2 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo polo que se aproba o Regulamento de patrimonio e o artigo 138.4 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, poderase acordar a suspensión da poxa cando concorran circunstancias que xustifiquen a improcedencia da venda.

VII.- OBRIGAS DOS ADQUIRENTES.

Serán de conta do adxudicatario os custos dos anuncios, así como os orixinados pola adxudicación e formalización da escritura pública de venda. Os tributos derivados da transmisión serán esixidos conforme ao disposto na lexislación tributaria.

VIII.- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos de carácter persoal recollidos serán tratados na súa condición de responsable da Administración autonómica, pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, con enderezo no edificio administrativo San Caetano, s/n de Santiago de Compostela. Teléfono 981544121. Enderezo electrónico secretaria.xeral.facenda@xunta.gal.

A finalidade do tratamento será a xestión do proceso de venda de bens e dereitos, de conformidade coa Lei 5/2011, do 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que poidan derivarse de dita finalidade e do tratamento dos datos e, en todo o caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

A lexitimación para o tratamento baséase na obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.

Os datos serán comunicados a outros órganos da Administración xeral e do sector público autonómico e á notaría onde se formalice a escritura pública de compravenda.

Poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos de conformidade coa normativa de aplicación a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das Oficinas de rexistro e información propias da Xunta de Galicia, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/informacion-xeralproteccion-datos>. Ademais

terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Contacto delegado de protección de datos e información adicional:

<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

ANEXO I

Don/dona.....con DNI.....con domicilio en
.....
..... teléfono..... actuando en nome propio, ou en representación da
sociedade.....
.....con NIF.....

Presenta oferta económica para a adquisición dun inmovible propiedade de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Descrición do inmovible:

Lote nº: (de haber un único lote deberá deixarse en branco e cubrir a seguinte liña).
Número de poxa na que se pretende participar. (debe poñerse 1ª, 2ª ou 3ª).

Lote nº: (de haber un único lote deberá deixarse en branco).
Número de poxa na que se pretende participar. (debe poñerse 1ª, 2ª, ou 3ª).

Lote nº: (de haber un único lote deberá deixarse en branco).
Número de poxa na que se pretende participar. (debe poñerse 1ª, 2ª ou 3ª).

Lote nº: (de haber un único lote deberá deixarse en branco).
Número de poxa na que se pretende participar. (debe poñerse 1ª, 2ª ou 3ª).

Lote nº: (de haber un único lote deberá deixarse en branco).
Número de poxa na que se pretende participar. (debe poñerse 1ª, 2ª ou 3ª).

Data de celebración da poxa

CONSELLERÍA DE FACENDA
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO
Edificio administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela

ANEXO II

Don/dona.....con DNI.....con domicilio en
.....
..... teléfono..... actuando en nome propio ou en representación da
sociedade.....
.....con CIF.....

DECLARA

Ter plena capacidade para obrigarse de acordo co establecido polo artigo 1.457 do Código Civil, e que non incorre nas prohibicións recollidas no artigo 1.459 do Código Civil e no prego de condicións que rexe a poxa.

Así mesmo, declara non ter solicitado ou estar declarado en concurso de acredores, non ter sido declarado insolvente en calquera procedemento, non estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado, conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal; e non incorrer en ningunha situación de incompatibilidade, segundo a normativa específica aplicable.

Por último, semeterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir como consecuencia da poxa, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder.

O licitador autoriza á Consellería de Facenda para consultar ou obter os documentos acreditativos da personalidade (o sinalamento desta casilla implicará a innecesiedade de presentar unha copia compulsada do DNI)

ANEXO III

Don/dona.....con DNI.....con domicilio en
.....
..... teléfono..... actuando en nome propio ou en representación da
sociedade.....
.....con NIF.....

Oferta á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a cantidade de
..... euros (número: €)
polo lote nº, da poxa pública anunciada no DOG do día

Lugar, data, sinatura